



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

ALEGACIÓNS AO PARQUE EÓLICO GASALLA

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

Xefatura Territorial da Coruña - Sección de Enerxía

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

Don Roberto Rey Martinez, en representación do Concello de Frades con CIF P1503900A e con domicilio para estes efectos en Cimadevila nº 10, Concello de Frades, presento as seguintes

ALEGACIÓNS

ao proxecto do **parque eólico (PE) Gasalla de 24,255 MW** tramitado por Green Capital Power, S.L. ante a Xunta de Galicia baixo o **código de expediente IN408A 2017/026** sometido a información pública mediante acordo de data 6 de setembro 2022 da Xefatura Territorial da Coruña e publicado no DOG nº 177 o 16 de setembro 2022:

1. O PE Gasalla é un dos compoñentes do Macroparque Ordes-Curtis que foi fraudulentamente fraccionado polo promotor para evitar a súa avaliación conxunta incumprindo a Lei do Sector Eléctrico (24/2013), o Real Decreto 1955/2000 e a Lei de Avaliación Ambiental (21/2013). Ademais, o Macroparque Ordes-Curtis, do que o PE Gasalla é un compoñente fundamental, é de competencia do MITECO por ter unha potencia eléctrica superior aos 50 MW.
2. Non ten xustificación de interese xeral nin de utilidade social. A produción de enerxía eléctrica eólica non supón un desenvolvemento sostible para a zona de afección e para a súa poboación, senón unha industrialización masiva, que destrúe os valores naturais e sociais da contorna.
3. Incumpre o PNIEC 2020-2030 ao non considerar a repotenciación de parques eólicos existentes como alternativa.
4. O PE Gasalla non cumpre os requisitos legais precisos para poder ser declarado proxecto de interese autonómico de conformidade coa Lei de Ordenación do Territorio de Galicia, posto que non ten unha función vertebradora nin estruturante do territorio, nin de impulso de dinamización demográfica.
5. O PE Gasalla é incoherente co índice de sensibilidade ambiental do MITECO, ao ubicarse en zonas de máxima sensibilidade ambiental, que o propio MITECO considera como non aptas para a instalación de parques eólicos.
6. Incumpre as distancias mínimas de núcleos rurais esixidas hoxe pola lexislación galega: cinco veces a altura dos macroeólicos. Neste caso, os macroeólicos miden 200 metros, e os núcleos rurais deben estar a 1km das turbinas. As casas de Abellá, Gasalla e Xanceda Vella están a escasos 500 metros!
7. A distancia mínima incluso incumpre a normativa anterior:
 - A medición debe realizarse desde o punto de emisión do ruído máis extremo da máquina, é dicir, a punta da pa, e non desde o fuste como fai o promotor.
 - Incumpre a distancia legal mínima de 500 metros coas delimitacións dos chans de núcleo rural, urbano o urbanizable máis próximas.
8. A alternativa 0 do proxecto proposto non se analiza de maneira obxectiva. Se o PE non se autoriza, o territorio non se vería negativamente afectado, senón que mantería as súas características intactas.

Mesmo se debería valorar que, no caso de non realizarse o PE Gasalla, outros emprendementos da zona, actualmente paralizados debido á tramitación deste PE, reactivaríanse e polo tanto xeraría un impacto positivo pola non construción do PE.

9. O PE Gasalla, así como as súas liñas de evacuación de electricidade, afectan de maneira directa a ZEC Rio Tambre recoñecida e protexida pola UE, xerando un grave prexuízo aos seus valores medioambientais.
10. O EsIA do PE Gasalla omite totalmente o espazo privado de interese natural “Fragas e Brañas do Alto Gaitero” recoñecido pola Xunta de Galicia e protexido pola Lei de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia (5/2019), situado a menos de 20 metros do espazo de voo das aspas do macroaerogenerador GA-06. É máis, a construción do PE Gasalla suporía o cambio de calificación do chan de especial protección agropecuaria do espazo privado de interese natural a chan de especial protección de infraestruturas.
11. O informe de efectos acumulativos e sinérxicos non valora a carga industrial excesiva da Comarca na que se proxectan 16 parques eólicos. Ademais, omite calquera referencia a (i) proxectos eólicos tramitados ante o MITECO -i.e. PE Caiño e PE Brancellao-, (ii) as LATs proxectadas para cada proxecto eólico tramitado e (iii) as LAT xa instaladas na zona de afección. O promotor elude calquera análise sobre o impacto acumulativo a efectos medioambientais, patrimoniais, paisaxísticos, sonoros e na saúde humana.
12. O EsIA omite unha análise sobre os efectos acumulativos dos propios aerogeneradores do PE Gasalla nunha mesma poboación. Os estudos e datos facilitados fan referencia aos impactos xerados por cada aerogenerador, pero ignoran unha análise detallada dos impactos deses sete macroaerogeneradores nas poboacións cercanas como Gasalla que queda, literalmente, rodeada.
13. O estudo de impacto paisaxístico considera unha área de afección de 20km, unha distancia que para macroeólicos de 200m de altura é, claramente, insuficiente.
14. O EsIA omite o impacto do PE Gasalla, e de todos os proxectos eólicos tramitados na Comarca, sobre a saúde psicolóxica dos habitantes do territorio.
15. O EsIA omite os impactos do proxecto nas concentracións parcelarias das zonas afectadas, así como os impactos sobre o cambio de calificación urbanística de 200m arredor de cada aerogenerador.
16. O PE Gasalla e o Macroparque Ordes-Curtis non teñen aceptación social nin política a nivel local e provincial. Así o demostran as miles de alegacións de veciños presentadas na Xunta, así como os informes negativos emitidos polos Concellos de Vilasantar, Mesía, Frades e Ordes a cada un dos compoñentes sometidos a participación pública; a Declaración Institucional conxunta realizada polos Concellos de Frades, Ordes, Mesía e Oroso na que rexeitaron a instalación de parques eólicos nos seus territorios e esixiron a declaración dos mesmos como “territorios libres de parques eólicos”.

Á luz de todo o anterior, e como mostra da miña total oposición ao PE Gasalla,

SOLICITO que se teñan por presentadas as presentes alegacións, se lles dea o trámite oportuno e, en virtude do exposto, **se emita Declaración de Impacto Ambiental Negativa e se resolva negativamente a solicitude de autorización administrativa previa do parque eólico Gasalla baixo o número de expediente IN408A 2017/026.**

En Frades a 31 de Outubro de 2022

Sinatura: